

ABAU 2024  
HISTORIA DE ESPAÑA

**PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE:**

**1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)**

1. Valido, 2. Catastro de Ensenada, 3. Caciquismo, 4. Pronunciamento, 5. Unión Liberal, 6. Semana Tráxica, 7. Expediente Picasso, 8. Nacional-catolicismo.

**1.2. Desenvolva un dos catro temas:**

**1.2.1. A nova monarquía dos Reis Católicos (3 puntos)**

**1.2.2. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias. (3 puntos)**

**1.2.3. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. (3 puntos)**

**1.2.4. A Ilustración en España. (3 puntos)**

**PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.**

**Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a crise da monarquía absoluta. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas do motín de Aranjuez e as abdicacións de Baiona, así como as repercusións da ocupación napoleónica. (5 puntos)**

**Doc. 1. Carta na que Carlos IV solicita a axuda de Napoleón, 23 de marzo de 1808:**

“Señor o meu irmán: V. M. saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e as súas resultas; e non verá con indiferenza a un rei, que forzado a renunciar a coroa, acode a poñerse nos brazos dun gran monarca aliado seu, subordinándose totalmente á disposición do único que pode darlle a súa felicidade, a de toda a súa familia e a dos seus fieis vasallos. Eu non renunciei en favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias [...]; pero asegurado agora con plena confianza na magnanimidade e o xenio do gran home que sempre mostrou ser amigo meu, eu tomei a resolución de conformarme con todo o que este mesmo grande home queira dispoñer de nós e da miña sorte, a da raíña e a do Príncipe da Paz”.

**Doc. 2. Proclama da Xunta Xeral do Principado de Asturias, maio de 1808:**

“Asturianos leais e amados compatriotas: Os vosos primeiros votos xa están cumpridos. O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia [...]. A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándolles para facerlle pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadearlles a todos, non ten igual na historia [...]. Poñamos por intercesora á nosa Señora das Batallas, cuxa imaxe se venera no antiquísimo templo de Covadonga, e seguro de que non pode abandonarnos en causa tan xusta, corramos a aniquilar e arroxar da nosa Península nación tan pérfida e tan execrable”.

**Doc. 3. Napoleón cede a coroa española ao seu irmán, 6 de xuño de 1808:**

“Napoleón pola graza de Deus Emperador dos franceses [...] a todos os que o presente verem, saúde. Facéndonos saber a Xunta de Estado, o Consello de Castela, a Vila de Madrid etc., por representacións, que o ben de España esixía que se puxese un pronto termo ao interregno, resolvemos proclamar rei das Españas e das Indias ao noso moi amado irmán José Napoleón, actual rei de Nápoles e Sicilia”.

### **PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.**

**Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a cuestión nacional no último terzo do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás características dos rexionalismos e nacionalismos periféricos no periodo considerado, as súas orixes e os líderes principais. (5 puntos)**

#### **Doc. 1. *Memorial en defensa dos intereses morais e materiais de Cataluña*, coñecido como *Memorial de agravios*, presentado á Coroa en Madrid o 10 de marzo de 1885:**

“Non temos, Señor, a pretensión de , nin moito menos atacar a gloriosa unidade da patria española; ao contrario, desexamos fortificala e consolidala; pero entendemos que para logralo non é bo camiño afogar e destruír a vida rexional para substituíla pola do centro [...]. O que nós desexamos, Señor, é que en España se implante un sistema rexional adecuado [...]. Señor: estamos privados do noso sistema administrativo [...]. Non podemos usar a nosa lingua máis que nos nosos fogares e en conversas familiares [...]. E como se todo isto non fose bastante, hai tempo que se nos vén ameazando con destruír, ou cando menos adulterar, o noso dereito civil”.

#### **Doc. 2. Discurso pronunciado por Manuel Murguía no certame literario celebrado en Pontevedra o 9 de agosto de 1886:**

“As linguas son as verdadeiras bandeiras nacionais: levan as súas propias cores. Conservemos a nosa e pelexemos no seu nome e á súa sombra. Ela reflicte a nosa vida intelectual e afectiva: criouse nas nosas entrañas, é a un tempo a nosa nai e a nosa filla: dez séculos puxeron nela canto nos pertence. De dous millóns de habitantes, millón e medio só sabe e só fala o galego. Cultivémoslle, pois, démosle a vida e relevo, a consistencia e a duración de que só é capaz a obra literaria.”

#### **Doc. 3. Fragmento do artigo «Glorias y fiestas bastardas», publicado no xornal nacionalista bilbaíno *Bizkaitarra* o 27 de abril de 1894:**

“A maior desgraza do bizkaíño non é a relaxación dos seus costumes, nin a extinción da súa lingua, nin a corrupción da súa raza, nin a invasión maketa; nin sequera a escravitude a que lle reduciu o español. Non: a desgraza máis grande do bizkaíño é o non coñecer á súa Patria; que se a coñecese, facilmente evitase aquelas outras, que son consecuencia desta incomprendible cegueira”.

### **PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.**

**Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a guerra civil. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas do golpe militar, á configuración e ideario do bando franquista e as razóns e efectos da política de non intervención. (5 puntos)**

**Doc. 1. O deputado republicano Emilio González López narra nas súas *Memorias* as vivencias do golpe:**

“Nese tráxico 18 de xullo, acudín ao Congreso dos Deputados, que era un fervedoiro de xentes [...]. As noticias que se ían recibindo, de todas partes da península, mostraban que non se trataba dunha nova *sanjurjada*, senón dun extenso movemento militar, no que tomaban parte a maior parte das guarnicións de España e con eles os elementos de dereitas, sobre todo monárquicos e falanxistas.

Casares Quiroga non sabía como facer fronte a este alzamento, que se propagaba coa rapidez do lume por toda a península. Non soubera tomar [...] ningunha medida eficaz para previlo ou desarticulalo, a pesar de que fora advertido multitude de veces de que se estaba preparando; nin tampouco agora, que xa estalara”.

**Doc. 2. Fragmento da *Declaración ao país* efectuada pola Xunta de Defensa Nacional (1936):**

“Basta! Fronte ao marxismo, España; fronte á anarquía, a lei, e encher o abismo odioso que separaba aos españois cos froitos benfeitores dunha sólida obra de goberno que asente a solidariedade nacional baixo unha autoridade inflexible, que imponha a orde pública, que asegure a paz e propulse as desmayadas enerxías da economía [...]. Ditas están as causas e insinuados os propósitos deste levantamento nacional, no que o Exército, cerebro, corazón e brazo, enriquece a grandeza da súa acción co sangue popular, que voluntariamente se incorpora ás filas dos salvadores de España”.

**Doc. 3. O xeneral republicano Vicente Rojo lembra a guerra desde o seu exilio:**

“A non intervención pesaba como unha laxa sobre a República; e en tanto se creaba ao redor desta unha atmosfera de illamento, nós podíamos recibir informes fidedignos relativos ás armas e pertrechos de guerra de todas clases que desembarcaban nos portos do Cantábrico e do Sur [...]. Que terrible delito cometera unha República que defendía a súa Constitución e as súas leis para que lla sometese internacionalmente a unha asfixia material e moral, condenándoa a ver esterilizados os seus esforzos?”